

ANEXO C
INFORME DE RESULTADOS
ACTIVIDADE DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA

Nº DE PROTOCOLO: 2014/27

1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE: Avaliación do cruce de machos da raza Cabra Galega con rabaños mestizos de cabras nun sistema semiextensivo

2.- UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA/PARTICIPANTE:
(centro de investigación/CFEA/OAC...)
INGACAL-Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

3.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:
Enderezo: Finca Marco da Curra s/n
Concello: Monfero
Provincia: A Coruña

4.- RESPONSABLE: Manuel López Luaces Tfno.: 881881801

5.- INTRODUCCIÓN:

En Galicia hai máis de 400.000 ha cubertas por mato (Xunta de Galicia, 2006), estando gran parte delas abandonadas, o que supón un grave risco de incendios forestais debido á acumulación de grandes cantidades de material vexetal, o que favorece a iniciación e propagación do lume que acada, en certas ocasións, intensidades moi altas, chegando a provocar verdadeiros desastres ecolóxicos, como o que tivo lugar no ano 2006, con cerca de 7000 incendios e de 100.000 ha queimadas. Aínda que o número de incendios forestais, e a superficie queimada, se reduciron nos últimos anos en Galicia, o lume segue a ser un problema moi importante nesta Comunidade, que produce uns prexuízos económicos e ecolóxicos de incalculable valor.

A introdución de cabras no monte é unha ferramenta útil para reducir os niveis de biomasa vexetal do sotobosque (Luginbuhl e Pietrosemoli, 2007), o que cobra unha importancia maior cando se efectúa sobre masas arbustivas lignificadas, que presentan, en moitas ocasións, unha alta inflamabilidade; deste xeito prodúcese un efecto de devisa natural que resulta eficaz na loita contra os incendios forestais (Morandh-Fehr et al., 2004). De feito, o gando caprino é considerado unha das especies máis efectivas á hora de controlar o rebrote das especies vexetais de matogueira (Lambert et al., 1989), incluído o toxo, polo que o estudo de sistemas de pastoreo en terreos abandonados pode ser unha vía para reducir o problema do lume no monte.

A orientación do gando caprino en Galicia é exclusivamente de produción cárnica, dando lugar a un produto moi apreciado polo consumidor, onde a maioría das canais comercializadas (87%) proceden de cabritos (5-6 Kg en canal), unha parte moito menor (12%) de chibos (8-9 Kg en canal), e unha parte insignificante (<1%) de gando maior (Xunta de Galicia, 2011), considerándose unha carne ben pagada.

Hoxe en día non existe en España ningunha denominación de calidade para carne de cabrito, mentres que noutros países, como por exemplo Portugal, contan con 5 IXP's (Cabrito do Alentejo, Cabrito da Gralheira, Cabrito da Beira, Cabrito das Terras Altas do Minho e Cabrito de Barroso). Estes estándares de calidade facilitan a posta en valor e comercialización deste tipo de produción, xa que a diferenciación é algo cada vez máis buscado nos produtos agrogandeiros. A tipificación ten cada vez máis importancia (Rubino et al., 1999), e pode ser un respaldo máis á percepción de calidade que xa teñen os produtos galegos no resto do estado.

En Galicia, un elemento diferenciador pode ser a utilización da raza Cabra Galega. Considerada en perigo de extinción, iniciouse a súa recuperación no ano 2010, aumentando o censo e o interese pola raza dende entón. Como a maioría dos rabaños en Galicia son mestizos, a forma máis rápida de integrar a Cabra Galega nas explotacións é mediante o cruce con machos da raza, dando lugar á integración da pureza racial por absorción. Cómpre determinar cómo influirá o cruce coa raza autóctona nos principais parámetros produtivos dos rabaños de carne.

6.- MATERIAL E MÉTODOS:

Levarase a cabo un seguimento polo miúdo do efecto do cruce cun macho da raza Cabra Galega nos principais parámetros produtivos dun rabaño de cabras mestizas.

Os partos das cabras terán lugar a principios da primavera, co obxectivo de facer coincidir as máximas necesidades nutritivas dos animais coa máxima produción de pasto, tratando de reducir ó máximo a dependencia de insumos externos.

Faranse pesadas dos cabritos ó nacemento e cada quince días durante o período de aleitamento antes do destete. No momento do destete farase unha revisión de tódalas crías para determinar qué porcentaxe da descendencia se podería incluír dentro da raza Cabra Galega, é dicir, qué capacidade ten o macho da raza para transmitir os caracteres raciais.

7.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

Os partos das cabras tiveron lugar ó longo do mes de abril. A evolución do peso vivo dos cabritos pódese observar na Figura 1. Pártese dun peso vivo ó nacemento de 2,4 kg, que vai aumentando rapidamente durante os dous primeiros meses de vida (entre 120-140 g de peso vivo/cabrito e día) e que diminúe case á metade no mes de xullo. Hai que ter en conta que o pico de lactación adoita estar dentro dos primeiros 60 días tras o parto, e que a partir de xullo a calidade do pasto comeza a diminuír, pois as gramíneas espigan e baixa notablemente o contido en proteína e a dixestibilidade do pasto. Con este sistema chegaríamos a un peso vivo ó destete duns 13 kg.




Figura 1. Peso vivo (Pv) dos cabritos utilizados no ensaio (liñas negras estreitas) e peso vivo medio (liña vermella grosa) durante os tres meses posteriores ó nacemento.

Facendo unha análise en función do tipo de parto (simple ou dobre), na Figura 2 observamos que os cabritos de parto simple chegan a alcanzar 15 kg de peso vivo, quedando os cabritos de parto simple nos 11 kg. Se o obxectivo fose producir un cabrito de leite (4-5 kg en canal), os cabritos de parto dobre estarían listos para sacrificar ó destete (con 3 meses de vida), mentres que os de parto simple habería que sacrificalos un mes antes. No entanto, se o que se pretende é vender cabritos tipo recental (7-8 kg canal) os cabritos de parto simple estarían listos para o sacrificio

ó destete, mentres que os de parto dobre non chegarían ó peso, polo que habería que pensar en facerlles unha suplementación con cereal ou concentrado a partir do segundo mes de vida ata chegar ó peso desexado.




Figura 2. Peso vivo (Pv) dos cabritos en función do tipo de parto.

Unha vez destetados os animais, entorno a un 50% de tódalas femias entraron no estándar da raza Cabra Galega. Estaríamos a falar dun cruce por absorción, onde a partir de femias mestizas (Figura 3) tentaríamos obter exemplares da raza por cruce cun macho de Cabra Galega (Figura 4). Obsérvase que xa en 1ª xeración un 50% das crías femias son aptas para o estándar racial, polo que en dúas ou tres xeracións sería factible que tódalas crías cumprisen o estándar. No entanto, moitos cabritos presentan manchas brancas na súa capa, o que os exclúe da inscrición no libro xenealóxico (Figura 4).

Estes resultados foron expostos o día 11 de decembro de 2014 nunha visita ó Marco da Curra enmarcada na xornada "Alternativas na gandería semiextensiva en Galicia: produción sostible e aproveitamento do territorio" (acción de transferencia 2014/24).



Figura 3. Rabaño de cabras mestizas utilizado para realizar o estudo.




Figura 4. Macho da raza Cabra Galega utilizado no estudo.



Figura 4. Cabritos utilizados no estudo. Nótese a cor castaña-vermella típica da cabra galega que os cabritos presentan. Aínda así, a presenza de manchas brancas impide a inscrición no rexistro xenealóxico.

8.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

O cruce dun macho da raza Cabra Galega cun rabaño mestizo de cabras, onde ningunha cumpre o estándar racial, deu como resultado uns cabritos dun peso vivo medio duns 13 kg ós 3 meses de vida alimentando as cabras e cabritos exclusivamente con pasto de primavera.

O tipo de parto (simple ou dobre) inflúe notablemente no peso dos animais, pasando duns 11 kg os de parto dobre a uns 15 kg os de parto simple.

Esta experiencia permitiu introducir no estándar racial un 50% das femias.

9.- DATA E SINATURA DO RESPONSABLE:

En Abegondo, a 10 de decembro de 2014

Asdo. Manuel López Luaces